



O DOG de onte, 31 de maio, publicou a "Orde do 28 de maio de 2010, pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2010-2011".

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAIS CURRICULARES E MATERIAL DIDÁCTICO E COMPLEMENTARIO

Destinatarios: alumnos matriculados en **1º, 2º, 5º e 6º de Primaria** e en **Educación Especial**

Requisitos dos beneficiarios

- a) Estar matriculados nas etapas e nos cursos salientados no apartado anterior
- b) No suposto de alumnado de Primaria, ter unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €
- c) Non estar incurso nas prohibicións reguladas na lei de subvencións para ser beneficiario.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

- As solicitudes, segundo o anexo I da orde, presentaranse **nos centros docentes**.
- Presentarase unha solicitude por cada alumno/a matriculado. As solicitudes poden obterse nos centros, nas xefaturas territoriais ou no Portal Educativo (www.edu.xunta.es)
- O prazo de presentación será dun mes (remata o 30 de xuño)
- As solicitudes deberán ser asinadas polo pai e a nai do solicitante, ou polo tutor legal. Nos supostos de separación ou divorcio será asinada só polo proxenitor custodio. Todo isto, sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar maiores de idade computables a efectos da renda.

Documentación que deberá achegarse coa solicitude

Educación Primaria

❖ Fotocopia do libro de familia.

Se non existe libro de familia, ou a situación familiar non coincide coa reflectida:

- Certificado de empadramento da unidade familiar.
- Certificado do concello de residencia que acredite a situación familiar

- ❖ No caso de discapacidade do alumnado ou algún membro da unidade familiar: certificado sobre grao de minusvalidez (porcentaxe igual ou superior ao 33%), pensión de incapacidade permanente, ou condición de pensionista de clases pasivas por incapacidade permanente ou inutilidade.

Educación Especial

- ❖ Non se precisará documentación complementaria algunha

Contía das axudas.

Familias monoparentais:

- a) Renda per cápita familiar ata 6.000: **180 €**
- b) Renda per cápita familiar dende 6.000,01 ata 9.000 €: **104 €**

Resto das familias:

- a) Renda per cápita familiar ata 5.400 €: **180 €**
- b) Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000 €: **104 €**

Cálculo da renda per cápita.

- **Renda per cápita familiar** é a renda familiar dividida entre o número de membros computables.
- **Unidade familiar:** pais non separados legalmente, ou persoa titora; os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados; os fillos maiores de idade con discapacidade, e os fillos solteiros menores de 25 anos.
- A **renda** obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos de calquera natureza
- **Cálculo da renda:** sumarase o importe dos recadros 455 e 465 da renda do 2008. Computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- A presentación da solicitude comportará a autorización para comprobar a veracidade dos datos tributarios. Prestando o seu consentimento para a comprobación por medio de acceso telemático ao sistema de verificación de datos.
- Os solicitantes No caso de familias monoparentais haberá que acreditarse documentalmente esta circunstancia.
- No suposto de separación ou divorcio non se considera membro computable o proxenitor que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe, ou persoa unida por análoga relación.
- A documentación acreditativa das diferentes situacións familiares, cando non exista vínculo matrimonial ou non coincidan os datos do libro de familia coa situación familiar, está recollida no **apartado 2 e seguintes do artigo 7º da orde.**

9.2. Introducida a solicitude na aplicación informática, adxudicaralle un código único. Despois da súa validación, xerará un **VALE**, segundo o anexo II. O vale deberá ser asinado pola dirección do centro, e entregado ao solicitante, que poderá adquirir os libros no establecemento que libremente escolla. O vale quedará no establecemento.

9.3. No suposto de que tras a entrega do mesmo se observe algún erro, o centro requiriralle o vale ao solicitante para, recuperado este, cancelar a solicitude ou editala para xerar un vale cos datos correctos.

9.4. Desestimación das axudas:

Transcorrido o prazo de tres meses desde o día seguinte ao da presentación da solicitude sen que se poña a disposición do solicitante o correspondente **VALE**, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

9.5. Publicación das axudas.

A consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

Obrigas dos beneficiarios.

- a) Destinar o importe da bolsa na súa integridade á adquisición de libros e demais material.
- b) Cooperar coa administración educativa. A administración poderá requirir dos solicitantes calquera documento o aclaración que considere necesarios.
- c) Procederá o reintegro total o parcial da axuda, cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- d) Os centros informarán á Dirección Xeral se algún dos alumnos obxecto desta subvención non dispoña dos libros de texto e materiais obxecto das axudas.